



Concello de Vigo

ISAURA ABELAIRAS RODRÍGUEZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 30 de decembro de 2010, adoptou o seguinte acordo:

20.- ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE REPOSICIÓN DE BEIRARRÚAS ENTRE AVDA. FRAGOSO E EUGENIO KRAPP. EXPTE. 460/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do secretario da mesa de contratación, do 30.12.2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

EMPRESA	Total Puntos
GCM-CONST. TÉCNICA	94,60
XEST. AMB. DE CONTRATAS	92,00
CONST. CRESPO	90,42
C.ALDASA	90,00
EIRIÑA	89,98
HIDROSCIVIL	89,60
ORESA	88,37
FOMENTO ÁRIDOS Y OBRAS	87,17
SERCOYSA	84,17
CONST, OBRAS E VIAIS	84,15
OBRSA Y CONST. DIOS	81,52
HNOS. MALVAR	81,13
ROYMER	80,02
PARAXE	78,00
PLYGEPE	76,00
TERRAUGA	73,12
CONST. CARDEÑOSO	72,20
VAGALLON	66,85
HORDESCON	66,26
CONST. VALE	64,33
CONTRATAS VINCIOS	64,26
CASA MAESTRA	63,68
AGRUPCONSA	63,18
OUTON	60,39
CONTRATAS Y CALZADAS	59,75
GEO-SERV. Y CTTAS.	58,84

Segundo.-Excluír do presente procedemento as mercantís Roymer, Construcciones Cardeñoso, S.L, GCM Construcciones Técnicas e Hordescon por mor de que as súas ofertas conteñen valores anormais o desproporcionados (artigo 136.4 LCSP).

Terceiro.- Requirir a empresa clasificada en primeiro lugar, Xestión Ambiental de Contratas, S.L., para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Cuarto.- Requirir a empresa clasificada en primeiro lugar, Xestión Ambiental de Contratas, S.L., o aboamento do custe dos anuncios de licitación: 657,22 €.

Este acordo foi notificado ó citado licitador o día 23 de decembro de 2010, que presenta a documentación requirida en data 22 de decembro de 2010, dentro do prazo sinalado.


FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O artigo 135.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP) impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse ós licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante (artigo 135.4 LCSP).

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas, circunstancias que concorren no presente caso.

Así, en mérito ó exposto, se propón á Xunta de Goberno, na súa calidade de órgano de contratación (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á mercantil XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. o procedemento aberto para a contratación da REPOSICIÓN DE BEIRARRÚAS ENTRE AVDA. DE



Concello de Vigo

FRAGOSO E RÚA EUGENIO KRAFF(EXPTE.460-440) por un prezo total de 135.000 euros (IVE incluído).

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a trinta de decembro do ano dous mil dez.

lp



V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.

OS DOCUMENTOS, QUE MOTIVARON O PRESENTE ACORDO/RESOLUCIÓN NON FORON OBJETO DO PRECEPTIVO TRAMITE DE FISCALIZACIÓN PREVIA POR NON TER SIDO SOMETIDOS Á INTERVENCIÓN CRÍTICA DESTE ORGANO DE FISCALIZACIÓN, SENDO O ÓRGANO COMPETENTE E EXISTINDO CREDITO ORZAMENTARIO ADECUADO E SUFICIENTE PROCEDE Á SÚA TOMA DE RAZÓN CONTABLE.

Vigo, de de
O INTERVENTOR XERAL

Asdo.: Juan Ramón González Carnero

Juan Ramón González Carnero